

NICO, 1988

[Susanna Nicchiarelli, 2017]

418

ESTREA EN NUMAX: 03.08.2018 | V.O.S.E. | +16

Nico 1988 (2017, 93')

Dirección: Susanna Nicchiarelli

Guión: Susanna Nicchiarelli

Elenco: Trine Dyrholm, John Gordon Sinclair, Sandor Funtek, Thomas Trabacchi, Karina Fernandez, Calvin Demba, Francesco Colella

Son: Franco Piscopo

Montaxe: Francesca Borromeo

Vestuario: Francesca Vecchi, Roberta Vecchi

Dirección de arte: Amanda Petrella

Música: Gatto Ciliegia Contro il Grande Freddo

Fotografía: Crystel Fournier

Produtoras: Vivo Film, Rai Cinema, Tarantula, Amer, BE TV, Centre du Cinéma et de l'Audiovisuel de la Fédération Wallonie-Bruxelles, Eurimages, MEDIA Programme of the European Union, VOO (Italia-Bélxica)

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Italiano, alemán, checo

FILMOGRAFÍA

La scoperta dell'alba, 2012

Cosmonauta, 2009

Cinema autarchico, 2007

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Premio Horizontes),

Les Arcs 2017 (Gran Premio do

Xurado), Göteborg 2018 (Sección

Oficial)

SINOPSE

Por favor, non a chamedes Nico ou Musa de Andy Warhol. Dúas décadas máis tarde, Crista Päffgen non quere falar do seu breve período con The Velvet Underground. Para ela, a vida comezou logo daquel ilustre período, mesmo cando os reporteiros e admiradores adoitan amosar menor interese polas súas ideas e carreira en solitario. O filme, unha road movie ambientada na década dos 80, céntrase nos últimos anos da artista.

«Un biopic cheo de anguria, drogas e rock'n'roll. Gran parte da emoción da película vén do meticuloso traballo técnico coas imaxes»

Deborah Young, THE HOLLYWOOD REPORTER



“Nico atopou a súa identidade como artista, nai e muller ao cumprir os 40”

Entrevista con Susanna Nicchiarelli
Por Marta Balaga

A meirande parte dos biopics adoitan ter unha estrutura similar, a dun concerto con flashbacks. Vostede preferiu non repetir. A xente sempre quere contar toda a historia pero eu creo que é máis interesante contar unicamente parte dela. Por iso me encantou *Last Days* (2005), de Gus Van Sant. El decidiu centrarse só niso: os últimos días de Kurt Cobain. Danny Boyle tamén o fai en *Steve Jobs* (2015), mostrando unicamente uns poucos momentos de fracaso na vida dun home que tivo moito éxito. Cando queres contar toda a historia, empezas a repetir as mesmas cousas. A outra razón era que sentía que se trataba da mellor parte da súa vida. Aquí a dirección era a oposta da de convertelo no clixé dunha muller nostálgica dos seus días de sona e glamour. Nico atopou a súa identidade como artista, como nai e como muller que cumpría os corenta.

Porén, na película todo o mundo parece interesarse só polo seu pasado, non polo seu presente. Hai que lembrar que foi modelo. Por aquel entón, ao cabo dun tempo, estas mulleres simplemente desaparecían. A min paréceme que as cousas máis importantes acontecen

cando xa somos maduros. Había moitas mulleres que gañaron son pola súa beleza pero que fixeron despois cousas extraordinarias coas súas vidas. Nico lidou con esta carga e co feito de que a usaran pola súa imaxe. Cando logrou ceibarse diso, gañou máis liberdade artística. Eu quería falar da muller tras a icona porque o que ocorre lonxe do foco público é moito máis interesante. É o núcleo do filme.

Por que optou por volver gravar as súas cancións? Non quería imitar a Nico o que, por certo, é outro problema inherente dos biopics. Cando un busca alguén co mesmo aspecto e quere transformala nesa persoa, a actuación vólvese mecánica. Eu quería evitar iso. Non quería traballar con Trine Dyrholm porque fose igualiña a ela. Non o é. Precisaba unha boa actriz e ela é unha das mellores que temos actualmente. É oposta totalmente a Nico, á que alcumaban *princesa da escuridade*. A miúdo, cando traballabamos con cancións, tentabamos atopar outro xeito de cantalas, máis propio de Trine, non de Nico.

Non foi arriscado? Ás veces a xente que ver estas historias xustamente porque medraron coa artista e a súa música. Si pero daquela non sería unha película senón unha imitación da vida. En tal caso, habería que facer un documental, empregar metraxe xa rodada e entrevistar a xente. Eu tentei traballar coa imaxinación. Tamén é difícil achegarse á personalidade de Nico, que era moi serie e irónica. Gústame cando,

no filme, un xornalista lle pregunta: «Así que os sesenta foron o mellor período da súa vida». E ela responde: «Ben, tomabamos moito LSD». Gústame o feito de que diminuíse a importancia do seu pasado, por moi épico que o pintase todo o mundo.

É estraño que se siga retratando a mulleres que chegaron a tanto en permanente relación con todos os homes das súas vidas. Non me interesaba completar unha listaxe dos homes cos que se deitou. Ela ten moito máis ca iso: foi unha persoa. Sabía que concentrándose na parte final da súa vida non tería que facer iso. Gústábame a idea de que estivese soa. Cando un é mozo sempre ten presa, ten fame pola vida e comete moitos erros. Logo un reláxase. Agora que cumprín os corenta, sintome exactamente igual. Nico non se dedicaba a compracer a xente. Na última entrevista do filme di: «Non preciso gustar a todo o mundo». Ese é un paso importante para calquera artista porque non podes permitir que os xuízos doutra xente te esmaguen. Gustárame chegar a ser un día así de valente.

Publicado en www.cineuropa.org
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

The Velvet Underground & Nico. Universal [LP]

Por favor, mátame, Legs McNeil & Gillian McCain. Libros crudos, 2011

Up-Tight. Omnibus Press, 2002

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
agora e ven
sempre por**

4€

**Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo**

**Faite
NUMAX!**